



FERVENZA DAS HORTAS

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

28 MAIO 2022

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima Ruta:
COSTA DA VELA.
18 XUÑO 2022

DATOS BÁSICOS

Comezo : Capela de Fonte Santa

Remate: Fervenza das Hortas

Distancia lineal: 21 km.

Duración aproximada: 5,5 horas

Dificultade: Media.

Altura Máxima: 362 m.

Altura Mínima: 208 m.

Desnivel positivo: 488 metros

Desnivel negativo: 503 metros

Esta ruta esta moi ben sinalizada e moi doada de realizar sen grandes subidas nin baixadas. Ten moita variedade (Capela da Fonte Santa e as súas augas medicinais, beiras-rio, subidas (coto da Torrente), Encoro de Portodemouros, posibilidade de visita




guiada ao Museo Vivente do mel e -por ultimo- a espectacularidade da Fervenza das Hortas. Partimos da Capela da Fonte Santa (chamada así porque nesta paraxe hai augas medicinais que

contéñen xofre e que teñen propiedades para os males do aparato dixestivo e da pel). Poden verse estas augas nuns sucros brancos sobre unhas pedras que están na beira mesmo do río, ao carón da ponte.

Camiñamos durante 2 Kms. a beira do río Iso e unha vez chegamos a estrada de Pastoriza a Maroxo cruzámola e continuamos por unha pista co río a nosa esquerda ata chegar a 1,5 Km. aprox. a unha subida moi pronunciada e chea de pedras (O Coto da Torrente) de tan so 160 mts. pero cun desnivel superior ao 30%, polo que deberemos afrontala con moita calma. O esforzo da subida paga a pena. Ao final poderemos desfrutar dunhas vistas moi fermosas do val das terras de Pastoriza e, ao fondo, da Vila de Arzúa. Continuamos durante un treito de aprox. 1 Km. para atravesar a estrada que vai a Maroxo (cando cruzamos a estrada podemos divisar -no alto- as casas desta aldea) e continuamos por unha pista durante aprox. 150 mts, desvíndonos a dereita por uns carreiros entre pinos e carballeiras- para descender no seu final e atravesar un regato que contén unha pequena fonte natural (aproveitar para avituallarse de auga). Tomamos a pista e chegamos novamente a beira do río Iso, pola



sua marxe dereita, ata chegar a estrada e xunto a ponte de Brandeso. Atravesamos a estrada e tomamos un camiño -a esquerda- que nos conducirá ata os Muiños de



Km. 11 da ruta. Proseguimos por camiños tradicionais que discorren entre casas ben rehabilitadas e grandes invernadoiros (algúns neste momento abandonados). Ao chegar a parroquia de Viñós, atopamos Casa Lucas (un establecemento de turismo rural). Estamos a 7 Kms. do remate. Camiñamos coa vista sempre posta no Encoro de Portodemouros que nos acompañará no noso percorrido durante 3 Kms. mais.

Adentrámonos na parroquia de Tronceda e atravesamos un grupo de casas ben rehabilitadas, co típico encanto das aldeas rurais galegas, antes de achegarnos a beira mesma do Encoro. Aquí o camiño percorre a beira das augas do Ulla e temos a oportunidade de contemplar dende moi preto a maxestuosidade e as excelentes vistas da enorme masa de auga, do tamén nomeado en tempos pasados polos paisanos da zona como "O Salto de Moncabril". Chegamos a area de descanso próxima ao Encoro (as instalacións atópanse totalmente abandonadas). Cruzamos a estrada de Arzúa-Vila de Cruces e continuamos a esquerda ata chegar ao Enredo do Abelleiro (Museo Vivente do Mel).

A 50 mts. do Museo tomamos un camiño a dereita (antes dunha ponte cos petriles de pedra) e ascendemos lixeiramente ata atravesar unhas leiras e volver a descender para conectar coa estrada do lugar das Hortas (aquí torcemos a dereita e continuamos durante 400 mts. pola mesma estrada ata chegar a desviación que nos leva a Fervenza das Hortas). Dende a desviación temos 600 mts. ata chegar ao final da ruta por unhas escaleiras de madeira e acceder ao pé mesmo das Fervenzas, autentico espectáculo de tranquilidade e fermosura.

Roque. Cruzamos o río pola ponte de madeira e abandonamos a presenza do Iso que nos acompañou durante 7,6 Kms. Quédannos 12,3 Kms para rematar. Acabáronse as subidas. A partir de agora todo son carreiros por terreos chans e camiños tradicionais moi doados de percorrer.

No Km. 10 atopamos as primeiras casas e continuamos ata chegar a desviación "da Illa" (cando o caudal do Encoro vai baixo podemos visitala e percorrela, aínda que non é moi recomendable porque esta adicada a couto de cazadores e podería resultar perigosa). Esta desviación -ata a Illa- esta a 600 mts. do

